

---

29/11/2011

*El Oroso TM en la web del Concello de Oroso*

---

La web oficial del Concello de Oroso recoge hoy los últimos éxitos conseguidos por nuestro club. Podéis ver la noticia aquí

([http://www.concellooroso.com/show\\_content.php?section=4&subsection=54&content=1415](http://www.concellooroso.com/show_content.php?section=4&subsection=54&content=1415))





Subscripcións



Novas RSS



Contacto

Busca

## Concellarías

Alcaldía e Urban

Obras e Servizos

Cultura, Ensino

Muller, Sanidade

Deportes, ...

Medio Rural, ...

Medio Ambiente

**Os orosáns Uxío Regueiro e Silvia Álvarez son os galegos mellor clasificados a nivel nacional.**

Volver



Imprimir



Facebook



Twitter



RSS

**O Oroso TM vence por 4-2 ao Oviedo, polo que segue invicto e rematará a primeira volta á fronte da Primeira División Nacional.**

Os alevíns orosáns Uxío Regueiro e Silvia Álvarez son os xogadores galegos mellor clasificados a nivel nacional, segundo se recolle nos rankings oficiais publicados esta semana pola Real Federación Española de Tenis de Mesa e logo da disputa dos torneos clasificatorios para os campionatos de España. Un feito que demostra unha vez máis o gran nivel da canteira orosá.

Así, Uxío Regueiro é o terceiro mellor xogador alevín masculino a nivel nacional, a tan só 2 puntos do valenciano Iván Pérez e do balear Mike Padial, segundo e primeiro clasificados respectivamente. Pola súa banda, Silvia Álvarez atópase actualmente na cuarta posición, a tan só un punto da terceira clasificada (a catalá Laura Pibernat) e a catro puntos das dúas primeiras clasificadas, a andaluza Marta Romero (2ª) e a madrileña Mireia Cifuentes (1ª).

**Invictos e líderes**

Por outra banda, esta fin de semana o primeiro equipo do Oroso TM gañou con comodidade o seu partido de Primeira Nacional co Oviedo MTM por 4-2. Un resultado que mantén invictos os orosáns e á fronte da clasificación cunha cómoda vantaxe de 4 puntos sobre o segundo clasificado. Deste xeito, a tan só un encontro de finalizar a primeira volta do campionato, os xogadores do Oroso TM proclámanse campións da primeira volta.

Os xoves xogadores do Oroso TM, dirixidos por Valeri Malov, volveron amosar a súa calidade e venceron a un potente equipo que, ata hai poucas tempadas, militaba na División de Honra española e que conta nas súas filas con xogadores de gran nivel como o romanés Zanfirescu ou o campión absoluto de Asturias, Félix González. Só Zanfirescu conseguiu gañar os seus dous puntos no pavillón polideportivo de Sigüeiro, xa que os outros catro puntos caeron do lado dos xogadores orosáns ata o definitivo 4-2.